

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA A CREACIÓN DUN CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL EN OURENSE

Ourense, 1 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, nomeada para tal cargo polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185, do 27 de setembro de 2018).

Doutra parte, _____, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, nomeado para tal cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217, do 14 de novembro de 2016).

Doutra parte, _____, presidente da Deputación Provincial de Ourense, nomeado para o devandito cargo polo acordo plenario de data 14.07.2015, de elección do seu presidente, artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Entre as liñas estratéxicas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional atópase o fomento dunha Formación Profesional de calidade, da innovación e do emprendemento como vías para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, para a consecución dunha maior eficiencia e calidade da xestión autonómica, e para a xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

II. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden,

entre outras, o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación.

III. A Xunta de Galicia publicou a Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0, na que se recollen os plans de impulso, os enfoques estratéxicos e as medidas para impulsar en Galicia o renacemento dunha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global.

IV. A Deputación Provincial de Ourense, grazas a súa capacidade económica e a dispoñibilidade da súa loxística, acolle na súa provincia un centro de innovación de referencia que constituirá un dos piares básicos sobre os que se cimentará o crecemento da economía da súa zona de influencia e extensible a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

V.- A creación do Centro Galego de Innovación da FP en Ourense responde a unha serie de consideracións:

- A Formación Profesional foi protagonista dende o ano 2009 dun grandísimo avance, adaptándose á evolución do tecido social e económico de Galicia, de xeito que a día de hoxe existen 140 títulos de ciclos formativos adaptados ao tecido produtivo. A aposta por unha formación de calidade, innovadora e próxima ao territorio, con metodoloxías de vangarda como a FP Dual, supuxeron un gran incremento da inserción laboral e un aumento notable das matrículas. A Formación Profesional debe seguir adaptándose a estes cambios para que continúe a formar aos profesionais que se necesitan.

En concreto, para evolucionar no ámbito da innovación e potenciar unha formación profesional adaptada á industria 4.0 para que as empresas poidan contar con persoal cualificado, o Centro Galego de Innovación da FP de Ourense impulsará proxectos de innovación aplicada, novas contornas virtuais de simulación, a xeración de proxectos empresariais e a transferencia aplicada de patentes.

- A Deputación Provincial de Ourense impulsará unha serie de actuacións co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento na Formación Profesional, xa que considera que é unha forma de proxectar e consolidar o tecido produtivo de cara ao futuro.
- A través dos proxectos de innovación que se desenvolvan no Centro Galego de Innovación da FP favoreceríase a creación de sinerxías co sector produtivo, constituíndo unha peza clave

como nexa co dito sector o Instituto Orensano de Desenvolvemento Económico-INORDE, co que conta a Deputación de Ourense, ao favorecer a transferencia de coñecemento dos centros á industria.

VI. Para a creación do Centro Galego de Innovación da FP efectuarase unha rehabilitación completa da antiga Escola Fogar de Mariñamansa, afectada ao uso educativo e xestionada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Este lugar constitúe o emprazamento máis idóneo debido ao aproveitamento dunha edificación xa existente e por atoparse nas proximidades do CIFP A Farixa.

VII. De acordo cos antecedentes antes referidos, e tendo en conta o evidente beneficio que reportaría ao conxunto da sociedade a creación do Centro Galego de Innovación da FP en Ourense, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Deputación Provincial de Ourense teñen interese en xuntar os seus esforzos e por en común as súas sinerxías e experiencia en prol do fomento da innovación e do emprendemento, e en última instancia, do crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a creación dun Centro Galego de Innovación da FP en Ourense, de xeito que se aposte pola innovación, a creatividade e o talento entre o alumnado e o profesorado da Formación Profesional, favorecendo o desenvolvemento industrial e a incorporación de novas tecnoloxías e dotando de capital humano altamente cualificado ao tecido produtivo galego.

Segunda. Localización e características do Centro Galego de Innovación da FP de Ourense

O Centro Galego de Innovación da FP de Ourense crearase na parcela con referencia catastral 3564003NG9836S, afectada ao uso educativo e xestionada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Aproveitaranse as instalacións xa existentes da antiga Escola Fogar de Mariñamansa, que conta aproximadamente cunha superficie construída de 2.600 m². Este centro atoparíase nas proximidades do CIFP A Farixa.

Terceira. Obrigas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a:

- Licitat, no ano 2019, o proxecto de rehabilitación completa do inmovible do Centro Galego de Innovación da FP de Ourense cun presuposto máximo de licitación de 100.000 euros (IVE engadido) e de conformidade co programa de necesidades previamente aprobado polas partes. O proxecto de construción financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.422M.622.1.

Para o seguimento da elaboración do proxecto, crearase unha comisión técnica cun representante de cada unha das partes asinantes do presente Convenio que deberá:

- * Supervisar a redacción do proxecto.
- * Aprobar o proxecto de forma previa á licitación das obras.
- Obter todas as licencias e permisos, urbanísticos e de calquera tipo, precisos para a construción do Centro Galego de Innovación da FP en Ourense mediante a rehabilitación completa da antiga Escola Fogar de Mariñamansa.
- Licitat e executar a obra de construción do Centro Galego de Innovación da FP e exercer a dirección de obra, de acordo co seguinte cronograma:
 - Coste total da operación: 3.500.000€
 - Plan financeiro:

2019	2020
875.000€	2.625.000€

En todo caso, a licitación da obra por parte da Consellería de Educación, universidades e Formación Profesional queda condicionada á realización do ingreso efectivo da anualidade 2019 por parte da Deputación de Ourense.

Estas cantidades serán reaxustadas no caso de existir retrasos na execución, mediante a

correspondente addenda.

- Xustificar as achegas realizadas pola Deputación Provincial.
- Facerse cargo do mantemento, conservación e reparación das obras.

Así mesmo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asumirá os gastos de funcionamento do Centro Galego de Innovación da FP entre os que se inclúen os gastos de persoal por un importe estimado de 700.000 euros ano, nos anos 2020, 2021 e 2022, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 10.30.422M.120 para retribucións e 10.30.422M.160 para Seguridade Social; e os gastos de funcionamento por un importe estimado de 400.000 euros ano, nos anos 2020, 2021 e 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.422M.229.

Cuarta. Obrigas da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense asume as seguintes obrigas:

- * Transferirá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o importe de 3.500.000 € (IVE engadido) para facer fronte á execución das obras, con cargo á aplicación orzamentaria 322.11/750.00. A contía correspondente a anualidade 2019 será ingresada nos primeiros tres meses a contar dende a signatura do convenio. Os restantes ingresos levaranse a cabo pola deputación de acordo co ritmo de execución da actuación e no prazo de 15 días dende que lle sexa requerido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Ditos ingresos realizaranse na conta xeral da Xunta de Galicia, c/c. ES82 2080 0300 1006 3172 indicando o concepto e referencia do convenio.
- * Transferirá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o importe de 1.500.000€ (IVE engadido) nos 3 primeiros meses do ano 2020 para facer fronte ao equipamento, o cal se licitará pola devandita consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 322.11/750.00 da Deputación Provincial.

De producirse baixas durante o proceso de construción da obra, estas serán incorporadas ao importe destinado a adquisición dos equipamentos no ano 2020.

- * Designar a unha persoa, coa condición de vogal, para formar parte da Mesa de contratación da obra.

Quinta. Obrigas da Consellería de Economía, Emprego e Industria

A Consellería de Economía, Emprego e Industria transferirá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, un importe total de 1.500.000€ (IVE engadido), dentro das súas liñas de actuación, para o apoio ao desenvolvemento dos proxectos de innovación e emprendemento que se desenvolvan no Centro Galego de Innovación da FP e para a adquisición de novos equipamentos de tecnoloxía avanzada que poidan xurdir e se necesiten para o desenvolvemento destes proxectos. Este importe distribuirase do seguinte xeito: 300.000€ no ano 2021 e 300.000€ no ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0; 200.000€ no ano 2020, 350.000€ no ano 2021 e 350.000€ no ano 2022 con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1-741A-640.2.

Sexta. Funcionamento do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

Para o seu funcionamento, o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional contará cun comité executivo que actuará como órgano de goberno, correspondéndolle a toma de decisións respecto ás actuacións que desenvolva dentro do marco das atribucións que se determinen na norma de creación e funcionamento e baixo a dirección da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional. Formarán parte deste órgano de goberno 3 representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 1 representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e 3 representantes da Deputación Provincial de Ourense.

Este comité executivo reunirse como mínimo 2 veces ao ano e ademais a solicitude de calquera das partes e as súas reunións celebraranse no Centro de Innovación Galego da FP de Ourense.

Sétima. Comisión de seguimento

Establecerase unha Comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de realizar o seguimento das actuacións previstas neste convenio. Esta comisión reunirse cando así o estime oportuno calquera das partes e estará constituída por:

- Presidencia: A persoa responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

- Vogais: 2 representantes da Deputación Provincial de Ourense, 2 representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 1 pertencente á Subdirección Xeral de Formación Profesional e outro pertencente á Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento e 2 representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que serán designados polo seu conselleiro.
- Secretaría: unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Oitava. *Addendas singulares de desenvolvemento do convenio*

Cada un dos aspectos recollidos neste convenio, poderá ser obxecto de desenvolvemento e concreción por medio de addendas, que coa mesma consideración xurídica e os mesmos efectos vinculantes, reflectirán os compromisos adicionais que asuman as partes.

Os reaxustes na execución da obra que non supoñan incremento do prazo do convenio ou do importe máximo, non requirirán da autorización do Consello da Xunta.

Novena. Duración

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Décima. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio as sinaladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, ademais, poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- * Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- * Causas excepcionais que obriguén a modificar substancialmente o seu obxecto.
- * Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Así mesmo, poderá resolverse por acordo expreso das partes.

Décimo primeira. Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Deputación Provincial de Ourense para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos a este convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo, a firma deste convenio suporá o consentimento expreso dos entes da administración galega para incluír e facer públicos os datos do convenio no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, creado pola Disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e para dar cumprimento a obriga contemplada no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo segunda. Modificación do convenio

Toda alteración a realizar referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá ser formalizada na correspondente addenda que precisará acordo de todas as partes asinantes.

Décimo terceira. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

De acordo co artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdicción contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdicción.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**A conselleira de Educación,
Universidade e Formación
Profesional**

**O conselleiro de Economía,
Emprego e Industria**

**O presidente da Deputación
Provincial de Ourense**